



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. Fiscaliz. e Control Financ. Sec. Control II

Delegación de competencias do Concello de Porto do Son

ANUNCIO

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“12. Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Porto do Son.

PRIMEIRA: Aceptar por maioría absoluta, a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Porto do Son.

SEGUNDA: Aceptar por maioría absoluta a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

TERCEIRA: Publicar o acordo, no seu caso adoptado polo Pleno provincial, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

CUARTA: A delegación das competencias entrará en vigor unha vez sexa publicado o acordo no Boletín oficial da provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes da provincia, aprobadas para o efecto por esta Deputación provincial”.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 12 de marzo de 2024.

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria xeral,

Amparo Taboada Gil

2024/1704